


A casa da xuventude, a praza do matadoiro e a valgada de Belvís

Antecedentes remotos



Valgada de Belvís ano 1750

- Idade Media: a valgada de Belvís (máis ou menos o que hoxe denominamos o Parque de Belvís) é un espazo de agros e hortas suburbanas con dous camiños principais que o cruzan (o que vai de San Fiz ao mosteiro de Belvís) e o que partindo deste vai cara o Sar para saír ao Viso. Dúas fontes son documentadas nesta contorna, a das Tripeiras (hoxe do Matadoiro) e a da Porta do Camiño; nacen alí mesmo. Citan os escritos a existencia dunha capela, hoxe desaparecida, dedicada a San Bieitiño.
- Século XV: documentase con claridade arredor da Fonte das Tripeiras e nas beiras do río a instalación de infraestruturas (píos, pozas) de tratamento de coiros a ceo aberto.
- Séculos XVI-XVIII: mandamentos e ordenanzas municipais prescriben a ordenación do rego das Tripeiras, o traslado dos píos de curtir, ordenan a instalación dun peche ou porta no acceso desde a actual pza do Matadoiro (para evitar as vistas desagradables) ou regulan o uso das augas residuais da matanza de animais e dos curtidos pois acaban contaminando as hortas.
- Séculos XV-XVIII: vanse urbanizando progresivamente as actuais rúas de Virxe da Cerca, Castrón de Ouro-Sar, Calzada de San Pedro, Campo de San Antonio, Belvís e vaise pechando e separando a valgada de Belvís (e as actividades desagradables como o traballo das peles) das rúas principais. Hai maior permeabilidade canto mais lonxe do centro (zona do Olvido-Sar).
- 1696: o Concello manda construír un Matadoiro municipal nunha parcela ao carón da Fonte das Tripeiras (hoxe do Matadoiro), pode que sobre unha precaria instalación anterior.
- Século XVIII: a cartografía amosa a valgada de Belvís (actual Parque) como un espazo case pechado en si mesmo, cunha orientación máis agraria pois as instalacións de curtido foron desaparecendo. Os camiños, o parcelario, os valados... manteranse ata o século XX.



Porta do Camiño 1743

A Xuntanza Asociación Veciñal

Rúa Fraguas Nº 37, Baixo - 15703 Santiago de Compostela - CIF G15223159

Teléfono 606 985 280 - email: info@axuntanza.org – www.axuntanza.org

- 1783: os irmáns Servida, instalan en Belvís, ao pé do río, a primeira fábrica moderna que houbo en Santiago para o curtido e tratamento de peles (é a curtidoría que está hoxe en obras).
- 1798: Manuel A. Huidobro instala, nas proximidades do Barrio de San Nicolás, outra fábrica de curtidos (esta é a que hoxe acolle o CIAC).
- S. XIX-XX: sobre o Matadoiro antigo fanse sucesivas ampliacións e remodelacións.
- 1940: a cidade histórica de Santiago é declarada Conxunto histórico-artístico nun perímetro que sería ampliado posteriormente. A contorna da Pza do Matadoiro é espazo protexido pola leis do Patrimonio Histórico.
- 1984: proxectase a demolición do antigo Matadoiro e a construción da actual Casa da Xuventude. Os obxectivos da intervención son: renovar o aspecto da praza cun novo edificio que a peche substituíndo o anterior e erradicar definitivamente a posibilidade da apertura dun vial que atravesara a valgada, hoxe Parque de Belvís.
- 1994: Aprobación inicial do Plan especial da Cidade Histórica de Santiago. Con distintos niveis de protección, entra todo o barrio de San Pedro ata o Cruceiro e a rúa Corredoira das Fraguas.
- 2004: aprobase o Plan Especial do Parque de Belvís, para preservar a súa singularidade paisaxística e patrimonial (unha paisaxe medioambiental e patrimonial fosilizada).



Valgada de Belvís século XVIII